


Sumario | nº4 – Febreiro 2021

OPINIÓN

A calidade na EDIUS



NOVAS

Axudas do Ministerio de Ciencia e Innovación para facer o doutoramento industrial



CURSO 2020-2021

Segundo prazo para matricularse nos estudos de doutoramento na USC



A tese non ten idade

Un catedrático xubilado e alumnado recién licenciado comparten impresións sobre a tese que están a facer



NOVAS

Convocadas as axudas 'Torres Quevedo' de contratación laboral de persoas co grao de doutor/a



catro cousas

Unha aplicación que poida ser de interese para quen estea facendo a tese?




ENTREVISTA

Ciclo de charlas sobre saídas profesionais para alumnado de doutoramento

Patricia Martín-Rodilla
Luz Castro





Eva Rodil

Secretaria da EDIUS

«Nos expertos en calidade definen o seu proceso en catro fases: planificar, facer, comprobar e actuar»

[1] Deming, W. E. (2018). Out of the Crisis. MIT press.

[↩ Ir ao sumario](#)

OPINIÓN

A calidade na EDIUS

Que é a calidade? Das múltiples definicións que existen do concepto podemos resaltar a de W. Edwards Deming [1]. Calidade significa “facer o correcto do xeito correcto, de inmediato”. Baixo esta premisa, as persoas expertas en calidade definen o seu proceso en catro fases: planificar, facer, comprobar e actuar.

Neste senso, os programas de doutoramento planifican cada ano as actividades formativas do alumnado, os seminarios para compartir as investigacións, as lecturas das novas teses, todo isto mentres van aprendendo a traballar as persoas que se incorporan ano tras ano, e que fan desta EDIUS unha gran comunidade de case 3000 persoas. O facer e o saber facer está nas mans do alumnado, dos seus titores e directores así como das CAPD que xestionan eses programas. Dende a EDIUS tratamos de comprobar que todo funcione e, no caso contrario, actuar para continuar nunha mellora constante tanto dos procesos e procedementos, como dos resultados.

Os procesos de garantía de calidade constitúen o sistema de mellora continua nas organizacións, desta forma, permiten analizar as boas prácticas e tamén os erros a fin de estudar as súas causas e non repetilos. Estes procesos implican a validación por profesionais externos que analizan se cumprimos as ratios que se definen como obxectivo dos programas. Os nosos programas, despois de 6 anos dende a súa implantación, están na fase final dese proceso, na de “comprobar” para poder actuar. Este curso 2020/21 sometéronse a procesos de garantía de calidade 17 programas, cun resultado moi satisfactorio neste proceso de aprendizaxe.

Estes son procesos laboriosos, porque non se trata de facer, senon de mostrar ese “saber facer”, implican o traballo e a coordinación de moitas persoas, pois sen o traballo desinteresado de todas elas, non sería posible. Vai desde aquí o agradecemento a todos os colectivos implicados, con especial mención ás CAPD e ós seus coordinadores e coordinadoras, polo esforzo engadido que neste curso tiveron ou van ter que asumir.

Dos seus 14 principios, quedámonos cos que nos definen como EDIUS: constancia, mellora continua, liderazgo, e transformación. En resumo: “Somos o que facemos día a día. De modo que a excelencia non é un acto senón un hábito”, Aristóteles.



Temporalmente, todas as defensas de tese serán telemáticas

As medidas de loita contra a covid-19 obrigan a derivar a *Teams* os actos de presentación das teses de doutoramento.

En atención ao punto 2.4 da Instrución da Xerencia da USC do 27 de xaneiro de 2021 pola que se dispoñen as medidas para a aplicación da orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do covid-19 na comunidade autónoma de Galicia e, mentres dure a vixencia desta disposición, as defensas de tese da USC deberán ser telemáticas. Aquelas defensas de tese aprobadas con anterioridade á entrada en vigor desta Instrución e cuxa modalidade fora presencial ou semipresencial, pasarán todas a defensa por medios telemáticos. Todas as persoas que consideran que están ou van estar afectadas por esta situación deben poñerse en contacto coa #EDIUS a través do correo edius@usc.es para establecer as novas condicións de realización das defensas.

Para tramitar a defensa *online*



Este mes de febreiro ábrese o segundo prazo deste curso 2020-2021 para ingresar nos estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela. As persoas interesadas deberán, en primeiro termo, enviar unha solicitude de admisión a través da Secretaría Virtual. Os prazos e as vacantes de cada programa de doutoramento para este segundo periodo de admisión son os seguintes:

DOUTORAMENTO RD 99/2011	Solicitude de admisión 2º período	4 - 8 febreiro 2021
	Publicación relacións provisionais 2º período	12 febreiro 2021
	Reclamación relacións provisionais 2º período	13 – 18 febreiro 2021
	Publicación relacións definitivas 2º período	24 febreiro 2021
	2º período de matrícula 2º período	25 febreiro - 1 de marzo 2021

Código Estudio	Programa de Doutoramento	Prazas	Solicitudes Admisión	Solicitudes Admitidas	Matrícula	Prazas dispoñibles
D1181V01	Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0	0	0	0	0
E1011V01	Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria	12	1	0	0	12
E1021V01	Biodiversidade e Conservación do Medio Natural	7	5	5	3	4
E1031V01	Ciencia e Tecnoloxía Química	50	27	26	24	26
E1041V01	Ciencia de Materiais	20	12	11	11	9
E1051V01	Energías Renovables e Sustentabilidade Enerxética	15	11	7	6	9

[↩ Ir ao sumario](#)

Código Estudio	Programa de Doutoramento	Prazas	Solicitudes Admisión	Solicitudes Admitidas	Matrícula	Prazas dispoñibles
E1061V01	Estatística e Investigación Operativa	8	2	2	1	7
E1071V01	Física Nuclear e de Partículas	25	21	18	15	10
E1081V01	Láser, Fotónica e Visión	6	1	1	1	5
E1091V01	Matemáticas	10	6	6	5	5
E1101V01	Medio Ambiente e Recursos Naturais	20	10	7	6	14
E1111V01	Ciencias Agrícolas e Medioambientais	19	18	17	11	8
E1121V01	Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	10	2	2	2	8
E2011V01	Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses	12	4	2	2	10
E2021V01	Ciencias Odontolóxicas	15	12	11	9	6
E2031V01	Endocrinoloxía	15	9	8	7	8
E2041V01	Epidemioloxía e Saúde Pública	15	16	7	7	8
E2051V01	Innovacion en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias	15	4	3	3	12
E2061V01	Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias	14	4	4	4	10
E2071V01	Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos	20	20	13	13	7
E2081V01	Investigación Clínica en Medicina	30	55	30	30	0
E2091V01	Medicina e Sanidade Veterinaria	16	6	6	6	10
E2101V01	Medicina Molecular	40	24	21	21	19
E2111V01	Neurociencia e Psicoloxía Clínica	18	14	10	8	10
E2121V01	Nanomedicina	0	0	0	0	0
E2131V01	Ciencias da Visión	0	0	0	0	0
E2132V01	Ciencias da Visión	6	1	1	1	5
E2151V01	Nanomedicina e Innovación Farmacéutica	0	0	0	0	0
E2161V01	Inhibición de Receptores de Adhesión Plaquetaria en Trombose	0	0	0	0	0

Código Estudio	Programa de Doutoramento	Prazas	Solicitudes Admisión	Solicitudes Admitidas	Matrícula	Prazas dispoñibles
E3011V01	Psicología do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario	10	4	3	3	7
E3021V01	Comunicación e Información Contemporánea	20	22	18	11	9
E3031V01	Dereito	18	39	18	18	0
E3041V01	Desenvolvemento Rexional e Integración Económica	10	15	9	8	2
E3051V01	Economía e Empresa	25	57	25	24	1
E3061V01	Educación	20	48	20	20	0
E3071V01	Equidade e Innovación en Educación	10	21	10	10	0
E3081V01	Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas	22	26	19	13	9
E3091V01	Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social	10	8	3	2	8
E3101V01	Análise Económica e Estratexia Empresarial	12	21	6	5	7
E3111V01	Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	12	6	2	2	10
E3121V01	Turismo	10	14	8	8	2
E4011V01	Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil	21	7	5	4	17
E4021V01	Enxeñaría Química e Ambiental	15	5	4	4	11
E4031V01	Investigación Agraria e Forestal	20	2	1	1	19
E4041V01	Investigación en Tecnoloxías da Información	20	20	16	16	4
E4051V01	Enxeñaría Termodinámica de Fluidos	2	1	1	0	2
E4061V01	Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	9	0	0	0	9
E4071V01	Xestión Sustentable da Terra e do Territorio	10	4	2	2	8
E5011V01	Estudos da Literatura e da Cultura	20	10	3	2	18

Código Estudio	Programa de Doutoramento	Prazas	Solicitudes Admisión	Solicitudes Admitidas	Matrícula	Prazas disponibles
E5021V01	Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	14	8	3	3	11
E5031V01	Estudios Medievais	13	6	6	5	8
E5041V01	Filosofía	10	10	9	9	1
E5051V01	Historia Contemporánea	20	8	7	7	13
E5061V01	Historia, Xeografía e Historia da Arte	30	35	24	22	8
E5071V01	Lingüística	10	11	7	5	5
E5081V01	Lóxica e Filosofía da Ciencia	6	2	2	2	4
E5091V01	Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia	6	2	2	2	4
E5101V01	Estudios Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe	14	11	11	7	7
E5111V01	Protección do Patrimonio Cultural	0	0	0	0	0
E5121V01	Protección do Patrimonio Cultural	5	5	2	0	5

1

Admisión

Para acceder a un programa de doutoramento, as persoas interesadas deben estar en posesión dos títulos oficiais españois de grao, ou equivalente, e de mestrado universitario oficial, ou equivalente, sempre que se superasen, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas.

Asimesmo, poden acceder as persoas que se atopen nalgúns outros supostos:

- Ter un **título oficial español de grao** cuxa duración, acorde ás normas de dereito comunitario, sexa **de cando menos 300 ECTS**. Deberán cursar con carácter obrigatorio os complementos de formación que especifique a Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) en cuestión, salvo que o plan de estudos do correspondente título de grao inclúa créditos de formación en investigación, equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de Mestrado.

1 Admisión

- Posuír un **título universitario obtido no Espazo Europeo de Educación Superior** que habilite para o acceso ao mestrado en orixe e o/a interesado/a acredite un mínimo de 300 ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que 60 ECTS, polo menos, deben ser de nivel de mestrado cursado no EEES.
- Ter un **título universitario** e, previa obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, o/a interesado/a superara con avaliación positiva, cando menos, dous anos de formación dun programa para obter o título oficial dalgunha especialidade en Ciencias da Saúde (MIR, FIR, PIR, EIR).
- Estar en **posesión doutro título español de doutoramento**, ou título equivalente.
- Se o/a interesado/a obtivo un título universitario oficial que recibira a correspondencia ao nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). Para coñecer a correspondencia MECES pódese consultar na **seguinte web**.
- Ter un **Diploma de Estudos Avanzados (DEA)** obtido de acordo co disposto no RD 778/1998, ou ter acreditada a suficiencia investigadora regulada no RD 185/1985.
- Ter un **título obtido en sistemas educativos estranxeiros** que habilite para o acceso ao doutoramento no país de orixe e sempre que se reúnan as condicións equivalentes.

No caso de que o título estea sen homologar, a USC realizará a comprobación de que este acredita un nivel de formación equivalente ao do título oficial español de mestrado universitario e de que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento.

2 Solicitud

A solicitude de novas admisións en programas de doutoramento realizarase a través da **Secretaría Virtual**, nos prazos que se establezan na **Convocatoria xeral de matrícula**.

■ Documentación

- a) **DNI (españóis)**, NIE (residentes en España) **ou Pasaporte** (estranxeiros).
- b) **Copia da titulación de acceso**.
- c) De ser o caso, **os documentos específicos que se lle esixan por parte do Programa de Doutoramento** no que solicita a admisión.

2

Solicitud

d) Formulario no que realizará unha **declaración xurada de que cumpre cos requisitos de acceso** aos estudos de doutoramento, sen necesidade de achegar os documentos orixinais nese momento, e sen prexuízo do deber de achegalos no proceso de matrícula.

No caso de títulos estranxeiros homologados polo Ministerio de Educación español, deberá engadir, ademais, a copia da credencial de homologación do título.

No caso de títulos estranxeiros non homologados, deberá engadir a solicitude de equivalencia correspondente ante á USC.

■ Resolución

Finalizado o prazo de solicitude, a CAPD de cada Programa de Doutoramento avaliará as peticións, atendendo aos criterios de admisión e baremación previstos en cada Programa de Doutoramento.

O Programa de Doutoramento publicará as listaxes provisionais de admitidos e excluídos no Taboleiro Electrónico da USC.

■ Corrección

No caso de que a solicitude de admisión a un Programa de Doutoramento resulte “*admitida condicional*”, o estudante deberá emendar a súa solicitation no prazo establecido. De non ser así, o estudante perderá o dereito á praza inicialmente asignada, que se ofertará no chamamento de lista de espera.

■ Prazo de Reclamación

Contra a resolución publicada, o alumno poderá presentar reclamación, no prazo establecido, dirixida ao Coordinador da CAPD e presentarase a través da Sede Electrónica da USC ou en calquera dos lugares indicados da **[Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#)**.

Unha vez resoltas, cada Programa de Doutoramento publicará no Taboleiro Electrónico da USC a listaxe definitiva de admitidos/as, así como, de ser o caso, a listaxe de agarda.

3 Matrícula

A matrícula nos programas de doutoramento inclúe tanto a tutela académica como outros aspectos organizados de formación investigadora, que comprenderán tanto a formación transversal como a específica no ámbito de cada programa. A matrícula destes créditos transversais formalizarase xunto coa matrícula de tutela académica ou en calquera momento do curso académico, a través da Secretaría Virtual, unha vez autorizada e verificados os mesmos.

■ Alumnado de novo ingreso

O alumnado que inicie estudos nun programa de doutoramento deberá formalizar a matrícula de tutela académica e, no seu caso, dos complementos de formación acordados pola CAPD correspondente no proceso de admisión, a través da Secretaría Virtual, nos prazos e nas condicións que se establezan na Convocatoria Xeral de matrícula.

Unha vez matriculado, o alumno deberá acreditar documentalmente na Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo a titulación de acceso indicada na solicitude de admisión, mediante certificacións oficial orixinais ou compulsada polo organismo expedidor, agás os que indicaran titulacións de acceso ao doutoramento obtidas nesta Universidade.

Calquera omisión ou falsedade na declaración dos datos da titulación de acceso ou do expediente académico que induza a facer unha valoración de expediente incorrecta, poderá dar lugar á anulación da matrícula.

A matrícula considerarase definitiva unha vez comprobado que se reúnen os requisitos de acceso e a veracidade dos documentos declarados.

4 Doutoramento para estudantes internacionais

Os/as estudantes con titulación de acceso estranxeiro poderán acreditar ou ben a homologación ou equivalencia outorgada polo Ministerio, ou ben solicitar a equivalencia ou recoñecemento outorgada pola USC respecto dos seus títulos de Grao e Mestrado que dean acceso aos estudos de doutoramento no seu país de orixe.

Este alumnado deberá realizar a solicitude de admisión no **Programa de Doutoramento** correspondente, dentro dos prazos establecidos, a través da **Secretaría Virtual**.

4

Doutoramento para estudantes internacionais

- Se os estudos foron realizados nalgún dos países incluídos nesta listaxe, deben facer unha **solicitud de recoñecemento** dos seus estudos acompañada do seu Título e o Suplemento Europeo ao Título (SET) ou un certificado expedido pola súa universidade que acredite que lle dan acceso ao doutoramento.
- Se os estudos foron realizados noutros países ou non está en disposición de obter o SET ou o certificado, deben solicitar a equivalencia da súa titulación nesta Universidade.

Que é a equivalencia de títulos?

Os titulados segundo sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) poden acceder aos estudos de Doutoramento sen homologar os seus títulos, previa comprobación pola universidade de que os estudos realizados acreditan un nivel de formación equivalente ao do título oficial español de mestrado universitario e que faculta no país expedidor do título o acceso aos estudos de doutoramento. Esta forma de acceso ao doutoramento non implica, en ningún caso, a homologación previa do título nin o seu recoñecemento a outros efectos.

A equivalencia deberá solicitarse no Servizo de Xestión Académica da USC unha vez admitido e antes, ou simultaneamente, á matrícula nos estudos de doutoramento. Esta terá como único efecto o acceso aos estudos de doutoramento solicitados.

A solicitud debe ir acompañada da seguinte documentación, traducida ao español (todos aqueles documentos que non estean redactados en español, galego ou portugués) e expedida polas autoridades competentes, consonte ao ordenamento xurídico do país de orixe. A documentación académica como memoria, ou currículo, non precisa tradución:

1. Copia **DNI, NIE ou pasaporte**.
2. **Certificación Académica dos estudos universitarios** na que recolla a súa duración, anos académicos, materias cursadas, carga lectiva de cada materia (horas ou créditos), cualificacións e escala de cualificacións.
3. **Títulos universitarios**.
4. **Información complementaria**: Acreditar que a súa titulación ten un nivel de formación equivalente aos títulos españois de grao e mestrado que facultan no país de orixe para o acceso a estudos de doutoramento.
5. Acreditación do **abono dos prezos públicos** pola solicitud de equivalencia.

4

Doutoramento para estudantes internacionais

Excepcionalmente, o alumnado estranxeiro pode formalizar a **matrícula con anterioridade** aos prazos establecidos.

■ DEDICACIÓN

O/A doutorando/a poderá matricularse a tempo completo ou a tempo parcial. Para a condición de doutorando a tempo parcial teranse en conta motivos de carácter laboral, familiar ou persoal:

- a) Laboral:** preferentemente situacións de carácter fixo ou estable, contratos temporais prolongados no tempo, ou outras situacións.
- b) Familiar ou persoal:** dependencia, coidado de maiores ou fillos discapacitados, familia con fillos en idade escolar ou violencia de xénero.
- c) Estudantes cun grao de **discapacidade superior ao 33%**.**

Permítese a simultaneidade da matrícula nun programa de doutoramento coa matrícula noutros estudos universitarios oficiais (grao e/ou mestrado universitario), cun máximo de 90 ECTS. Para estes efectos, a matrícula nun programa de doutoramento a tempo completo será equivalente a 60 ECTS, mentres que a matrícula a tempo parcial terá un valor de 30 ECTS.


Poderase solicitar a admisión fóra dos prazos ordinarios de matrícula de forma excepcional e motivada, ou cando a causa que motiva o cambio de dedicación fose iniciada con posterioridade ao último período ordinario de matrícula. Esta solicitude dirixirase directamente á Comisión Académica do Programa de Doutoramento.

A autorización concedida pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento trasladarase ao seu expediente, onde se indicará o novo prazo límite establecido para a defensa da tese.

■ COMPLEMENTOS FORMATIVOS

Segundo o perfil de acceso, o programa de doutoramento poderá establecer a necesidade de cursar determinadas actividades formativas que completen os coñecementos do estudante.

A Comisión Académica do programa terá que especificar os complementos de formación que debe cursar e superar cada doutorando para ser admitido e, ademais, correspóndelles o seguimento e o control dos complementos de formación cursados. Estes complementos non poden superar os 15 ECTS e a súa realización será previa ou simultánea á matrícula en tutela.



A tese non ten idade

Cal é a idade máis axeitada para facer a tese? No **nEDIUS** buscamos ao alumna-
do máis novo e ao que acumula máis anos e experiencia para facerlles as mesmas
preguntas. Velaquí o contraste entre quen comezou a investigar coa súa entrada nun
programa de doutoramento este mesmo curso e quen xa é catedrático xubilado e
matriculou unha nova tese no febreiro de 2020. Sempre é tempo de facer unha tese.





Noemí Castelo Veiga

Graduada en Educación Social pola Universidade de Vigo (UVigo) no ano 2019, con Premio Extraordinario de Fin de Carreira concedido pola UVigo e Premio Extraordinario de Fin de Carreira concedido pola Xunta de Galicia.

Mestrado de *Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario* na USC.

«Ao comezar tan nova, tes poucas responsabilidades externas, o que permite dedicar todo o tempo libre a investigar»

Canto tempo levas traballando na túa investigación de tese?

Empecei a miña tese doutoral en outubro do ano pasado, polo que oficialmente levo pouco máis de tres meses. Se ben é certo que realicei a primeira aproximación á temática no meu Tralaballo de Fin de Mestrado (TFM).

Como e por que comezaches a investigar?

Aprender cousas novas paréceme marabilloso, e que mellor maneira de facelo que a través da investigación. Este é o meu mellor porque. Respecto a como e a cando empecei a investigar, se entendemos o termo nun sentido amplo podería dicirvos que, ao longo da miña vida, sempre investiguei. Como? Ao realizar pescudas sobre películas que vía co fin de coñecer a súa autoría e os motivos da súa realización ou ao tentar descubrir a razón da atribución do nome das rúas que visitaba. E todo isto, aínda que nun sentido máis informal, non é outra cousa que investigar.

Beneficios de facer a tese tan nova?

Facer unha tese achega beneficios a todo o mundo. Un beneficio de comezar tan nova, pode ser contar con poucas cargas e/ou responsabilidades externas, o que permite dedicar todo o tempo libre a investigar. Aínda que nunca me gustou xeneralizar, aclaro, pois cada persoa é diferente.

E desvantaxes?

A maior desvantaxe que atopo ao comezar tan nova é a falta de experiencia. Non só académicamente, senón tamén a un nivel persoal máis social.

Que aconsellarías a quen dubida en facer a tese?

Cada persoa ten a súa propia situación, pero o meu consello para aqueles e aquelas que dubidan en facer unha tese sería que estudasen e analizasen en profundidade os motivos polos que vacilan en facelo para, posteriormente, so-

pesar as vantaxes e os inconvenientes. Quizais sexa o momento indicado para comezar ou, pola contra, compensa empezar máis adiante.

E a quen pensa que é moi novo para entrar nun doutoramento?

A quen pensa que é moi novo para entrar nun doutoramento diríalle que está completamente errado, pero o mesmo lle diría a aquelas persoas que se consideran moi maiores para facelo. Non debemos esquecer que a vida é un proceso de aprendizaxe, polo que sempre estamos en tempo para realizar unha tese de doutoramento. E sabedes algo? Como me dixo alguén unha vez, o coñecemento é un ben máxico, xa que a persoa que o comparte nunca o perde, polo contra, na maioría das ocasións pode incluso ampliálo.

Algunha curiosidade que che gustaría compartir con nós?

Non me lembro de ningunha. O que me gustaría é agradecervos o espazo que me concededes na revista. Desexo que algunhas das miñas respostas poidan ser de utilidade para quen me lea.



«Aprender cousas novas paréceme marabilloso, e que mellor maneira de facelo que a través da investigación!»

«A xuventude non é ningún impedimento. As ganas e ter as cousas claras facilitarán moito que consigas levar a cabo a tese»

Canto tempo levas traballando na túa investigación de tese?

Desde outubro do ano pasado.

Como e por que comezaches a investigar?

Inicieime no mundo da investigación co meu TFG e despois continúei cun tema totalmente diferente no meu TFM. Sempre tiven interese polos porqué das cousas, por intentar desentrañar os mecanismos que explican, por exemplo as enfermidades.

Beneficios de facer a tese tan novo?


Mostras máis entusiasmo por levar a cabo as cousas, podes adquirir coñecementos e especializarte nunha materia concreta, con 26 ou 27 anos xa serías doutor e ábrense novas oportunidades laborais.

E desvantaxes?

Careces de experiencia en moitos aspectos do funcionamento normal dun laboratorio. Tes que aprender moitas cousas novas, falta información na bibliografía para levar a cabo determinadas técnicas, tes que poñer a punto os protocolos experimentais, etc. Son moitas cousas novas que quizais traballando un ano previamente, resultarían máis fáciles de asumir.

Que aconsellarías a quen dubida en facer a tese?

Que sopesen as vantaxes e os inconvenientes de realizar a tese. Ao final son tres ou catro anos da túa vida que precisan constancia e traballo duro.



Miguel Camba

Graduado pola USC en Bioloxía. Mestrado en Neurociencias, especialidade Neurobioloxía celular-molecular pola USC.

Un ten que estar disposto a facer sacrificios para sacar adiante o traballo. Pero tamén ter en conta que un aprenderá moitísimas cousas e coñecerá a moitísima xente; ademais de ter a oportunidade coa estancia de ver como funciona a investigación noutros países e experimentar en primeira persoa como é a colaboración entre diferentes nacionalidades.

E a quen pensa que é moi novo para entrar nun doutoramento?

A xuventude non é ningún impedimento. As ganas e ter as cousas claras facilitarán moito que consigas levar a cabo a tese.

Algunha curiosidade que che gustaría compartir con nós?

A verdade é que por agora non. Dende pequeno tiven interese en coñecer o funcionamento de distintos aspectos da natureza, e aí comezou a miña inclinación por todo o relacionado coa bioloxía. Como curiosidade, sendo moi neno, quedaba embobado vendo programas como, por exemplo, *Secretos del universo* de Morgan Freeman.



Augusto Pérez Alberti

Catedrático de Xeografía Física da USC desde 1999, hoxe xubilado. Desenvolveu estancias de investigación en Guelph (Ontario, Canadá), Strasbourg (Francia), Laval (Quebec, Canadá), Montevideo (Uruguai), Mendoza (Arxentina), Sao Paulo (Brasil) Universidade de Chile (Santiago de Chile) e Universidade ESPE (Quito, Ecuador) e realizou investigacións en España, Portugal, Arxentina, Uruguai, Marrocos e Chile. Foi presidente e vicepresidente da Sociedade Española de Xeomorfoloxía (SEG) entre 2004 e 2006, e director do Departamento de Xeografía da USC entre 1999 e 2003. Foi profesor visitante nas Universidades de Le Mans e Nantes (Francia), Neuquén (Arxentina) e Quito (Ecuador), e participou como poñente en máis de 60 cursos. Dirixiu teses de doutoramento, así como numerosas teses de mestrado e de licenciatura, proxectos de investigación do doutorado e Traballos Fin de Grao. Asimesmo, foi Premio Trasalva 2002.

«O ser humano, mentres ten capacidade de pensar, ten capacidade de aprender»

Canto tempo levas traballando na túa investigación de tese?

Co tema da investigación sobre os solos levo traballando hai tempo, pero na actual tese matriculeime en febreiro de 2020, hai case un ano. E a matrícula, e tamén a pandemia polo coronavirus, cólleume estando en Escocia. Este último ano foi moi complicado traballar.

E na túa tese?

Levo investigando toda a miña vida. Traballei en moitas partes do mundo, desde a Antártida ata o Polo Norte. Colaborando con edafólogos e arqueólogos desde hai moitos anos, estudando

o impacto das aves mariñas nos ecosistemas a nivel mundial, etc. A edafoloxía sempre foi un campo que me encantou. Cando me xubilei de profesor catedrático, decidín continuar a miña carreira como investigador porque un investigador non deixa de investigar nunca. Agora mesmes eu tópome ben fisicamente e mentalmente e así decidín facer o que me gusta nun campo que ten que ver co que facía, aínda que con matices. A miña tese actual céntrase nas formacións superficiais da montaña do Courel. Escollín este lugar porque ata alí podes desprazarte para traballar incluso en plena pandemia da covid-19.

Cal foi a túa primeira tese para ser doutor?

Eu xa son doutor desde hai moitos anos. A primeira tese de doutoramento acabeina no ano 1991 e titulábase *A xeomorfoloxía da Galicia sudoriental*. Fíxena sendo profesor de Educación Secundaria, con máis dificultades que agora porque estaba traballando, tiña a crianza dos nenos, etc. Consegún aprobar catro oposicións e ser catedrático na Universidade de Santiago, na Facultade de Xeografía e Historia.

Beneficios de facer a tese a unha idade avanzada?

Cunha das principais vantaxes é que xa tes unha formación, unha bagaxe intelectual e científica detrás moi importante. No meu caso en concreto, facer a tese agora supón reactivar o coñecemento que xa tiña adquirir novas aprendizaxes. O ser humano, mentres ten capacidade de pensar, ten capacidade de aprender. Calquera idade é boa. Xubileime hai xa algúns anos e fun á Antártida. Agora continúo traballando e investigando sen problema.

E que desvantaxes pensas que ten?

A principal desvantaxe é que xa non tes a axilidade mental de cando es máis novo. Á hora de adquirir coñecemento teórico custa un pouco máis, pero o que che pode custar máis facer por unha banda, consigues suplilo por outra. Cústame máis *chapar*, pero axúdame moito todo o coñecemento adquirido ao longo da miña vida. Fisicamente, atópome ben, pero subo ás montañas pero máis de vagar. Había un militar ferrolán que facía montaña comigo e sempre dicía que pola montaña había que ir con paso procesional, de procesión. Cada etapa da túa vida require un ritmo e hai que irse adaptando e cambiando.

Que aconsellarías a quen dubida en facer a tese?

Calquera persoa que ten a capacidade, pode e ten ilusión eu recoméndolle que se atreva.

E a quen pensa que xa é maior para entrar no doutoramento?

A idade nunca debe ser impedimento, non é un obstáculo. Mentres a mente funciona ben, que problema hai? Incluso seguro que tes máis tempo que antes.

E cando remates esta investigación, algún plan?

Intentarei rematar a tese este ano. Teño ata febreiro de 2023, pero se podo antes, mellor. E despois, mentres teña saúde, seguirei investigando, colaborando e escribindo. O que seguro non vou facer é quedar adurmiñado diante do televisor.

Algunha curiosidade que che gustaría compartir con nós?

Máis que unha curiosidade, teño unha reclamación. A Universidade debe ter en conta que este tempo, por mor da pandemia, debería estar anulado, non debería computar. Está sendo moi complicado desprazarse para facer o traballo de campo e recoller mostraxes e entón pasa o tempo sen que poidas adiantar case na investigación. Esta situación debería entendela a Universidade e considerar eses períodos inhábiles. Un doutorando está pagando por empregar o sistema universitario cando na práctica non está podendo facelo.

EDIUS NOVAS

A EDIUS revisa e unifica as directrices sobre baixas temporais a petición propia

Artigo 22.1.b)

O Regulamento de Estudos de Doutoramento establece no artigo 22.1.b): “A petición propia, a doutoranda ou doutorando poderá solicitar unha única baixa temporal no programa de doutoramento ante a CAPD por causas debidamente xustificadas. O período máximo desta baixa temporal será dun ano, ampliable ata outro ano máis. A solicitude deberá estar avalada pola directora ou director da tese e realizarse durante o período de tutela académica, agás circunstancias excepcionalmente xustificadas”.

A Comisión Executiva da Escola de Doutoramento Internacional aprobou unificar as directrices sobre a aplicación da normativa sobre baixas temporais no doutoramento que o estudiantado solicite a petición propia, recollida no artigo 22 do Regulamento da EDIUS.

- Se a solicitude de baixa ten unha duración inferior a un ano, non hai posibilidade de solicitar a ampliación do período de baixa. Sempre existe a posibilidade de solicitar a alta polo doutorando/a antes de que finalice o período de baixa concedido.
- Só o doutorando/a que solicite a baixa por un curso académico completo, do 1 de setembro ao 31 de agosto, estará exento do pagamento da matrícula, se non, terá que pagar a matrícula completa de cada curso académico aínda que estea de baixa durante unha parte do mesmo.

Tendo en conta estes dous aspectos, parece aconsellable recomendar que sempre se solicite a baixa por un ano e, preferentemente, por un curso académico completo.

Non se poderá solicitar unha baixa se restan menos de seis meses da data prevista para a finalización do doutoramento.



Enténdese por período de tutela académica, exclusivamente para os efectos de baixas temporais a petición propia (regulados no artigo 22 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC), o período de realización da tese que non comprende os períodos de prórrogas. Polo que, no caso de solicitar este tipo de baixa no momento de estar a gozar dunha prórroga, deberá ser informada a súa solicitude pola Comisión executiva da EDIUS previo informe dos seus directores de tese e da CAPD. En todo caso, non se poderá solicitar unha baixa se restan menos de seis meses da data prevista para a finalización dos estudos de doutoramento, agás por motivos de forza maior. En ningún caso se permitirá a baixa si restan menos de dous meses.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

XeraWord, a nova ferramenta do ILGA para a xeración automática de galego e portugués

A [páxina web](#) do Instituto de Lingua Galega (ILG) xa ten dispoñible *XeraWord*, unha ferramenta piloto de xeración automática da frase nominal simple en galego e portugués. Elaborada no marco dun proxecto dirixido pola profesora da USC María José Domínguez Vázquez, *XeraWord* baséase na tradución automática de léxico extraído da base de datos do idioma inglés WordNet. Para desenvolver este simulador, deseñouse unha ferramenta de tradución do caudal léxico paradigmático a partires dos datos extraídos automaticamente do WordNet. O prototipo recorre á integración de datos lingüísticos e á interoperabilidade entre recursos xa existentes.

Como prototipo, *XeraWord* xera datos para cinco substantivos en galego e portugués: gl. aumento | pt. aumento, gl. discusión | pt. discussão, gl. fuxida | pt. fuga, gl. olor | pt. cheiro e gl. presenza | pt. presença. A ampliación das unidades analizadas permitirá o seu uso por parte de estudantes de galego e portugués como linguas estranxeiras ou segundas linguas. No seu estado actual, *XeraWord* presenta unha metodoloxía de análise que pode ser extrapolada a outras linguas e recursos.



↩ [Ir ao sumario](#)

O Portal da investigación da USC para visibilizar e transferir investigación, xa está en probas

A USC vén de crear o [Portal da investigación](#), aínda en probas, para difundir, dar visibilidade e transferir á sociedade o resultado das investigacións da Universidade. Este é o obxectivo do Portal da Investigación que acaba de estrearse na USC. Este novo espazo facilita o acceso ás publicacións e datos de investigación, contribuindo aos obxectivos da ciencia aberta. Ademais, establece unha relación entre o financiamento e os seus resultados, realizando un exercicio de transparencia ao tempo que mellora a visibilidade e o impacto da institución. Nesta fase inicial de posta en marcha, só se pode acceder ao Portal dende as redes da USC.

Unha ferramenta de acceso ás publicacións e datos de investigación á que, de momento, só se pode acceder dende a rede da USC

O Portal actualízase diariamente cos contidos das publicacións procedentes de Dialnet e, semanalmente, cos datos de Scopus. No futuro, incorporaranse publicacións da Web of Science (WoS) e actividades das bases de datos do Vice-reitorado de Investigación e Innovación.

Durante a fase de probas, que remata a finais do mes de marzo, a USC abre un período para que o persoal investigador envíe suxestións ou correccións a través dun [formulario](#).

EDIUS **NOVAS**

Olimpiada Solidaria de Estudo ata o 18 de febreiro

O alumnado pode rexistrarse a través da web desta iniciativa, que permite doar horas de estudo que serán intercambiadas por recursos económicos destinados a formar persoal médico para a atención das mulleres e nenos vítimas da violencia sexual no Congo.

As persoas usuarias das bibliotecas da USC poden doar as súas horas de estudo participando, ata o 18 deste mes, na **Olimpiada Solidaria**. A Olimpiada Solidaria de Estudo é unha acción de sensibilización e solidariedade, a través da cal o alumnado pode participar e comprometerse con proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Debido á situación actual de pandemia por mor da COVID-19 e á limitación do número de postos de lectura das bibliotecas, agora tamén se poden doar as horas de estudo na casa ou en calquera outro lugar. Para isto, os organizadores habilitaron, na **páxina web** da Olimpiada, o mecanismo de rexistro para **tomar parte na iniciativa**.

A tese en dous minutos?

O concurso de pitches de investigación admite a presentación de traballos ata o 7 de abril. As persoas investigadoras poden participar cunha presentación audiovisual na que expoñan, brevemente, as claves da súa investigación. A iniciativa, impulsada polo Grupo Compostela de Universidades, “pretende outorgar visibilidade á investigación levada a cabo polas universidades sociais e impulsar a difusión dos resultados”.

[↩ Ir ao sumario](#)

Premio á mellor tese por unha investigación sobre a relación da divulgación en redes científicas e o *h index*



A alumna do PD en Comunicación e Información Contemporánea, Sara Mandiá Rubal, recolle o premio Fundación Ignacio Larramendi á mellor tese, que lle concedeu a Real Academia de Doutores de España pola súa investigación sobre: *Presenza e nivel de actividade en redes científicas dos investigadores españois que publican en revistas de comunicación indexadas en Scopus (Elsevier): estudo dos perfís en redes sociais e o seu posíbel impacto nos índices de citación*. A tese analiza a actividade de divulgación en redes científicas de 2.257 investigadores/as da área de Comunicación e conclúe que, en máis da metade dos perfís analizados, hai unha relación directa entre a actividade de divulgación en entornos sociais e o índice *h* deses/as investigadores/as.

«As persoas máis activas nas redes teñen un ‘h’ máis alto»

NOVAS

Axudas do Ministerio de Ciencia e Innovación para facer o doutoramento industrial

Até as 14 horas do 12 de febreiro de 2021 estará aberto o prazo para optar ás **axudas a contratación** para a formación de investigadores en empresas para facer o **Doutoramento Industrial**.

As axudas, promovidas polo Ministerio de Ciencia e Innovación, teñen como obxectivo a formación de doutores en empresas, mediante o cofinanciamento dos contratos laborais do persoal investigador en formación que participen nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental, que se desenvolva na empresa na que se enmarcará a súa tese doutoral. Estas axudas tentan favorecer a inserción laboral de investigadores nas empresas, desde os inicios das súas carreiras profesionais, contribuír á súa empregabilidade e promover a incorporación de talento no tecido produtivo para elevar a competitividade do mesmo.

As axudas comprenderán tres conceptos: financiación dos contratos, realización de estadias en entidades de I+D e gastos de matrícula no doutoramento.

[↩ Ir ao sumario](#)

